

A CONSULTA DA DOUTORA CASILDA

Paciente 2 Moi boas.....

Paciente 1 Si, pero están un pouco torradas, para o meu gusto ¿quere unhas poucas?

Paciente 2 ¿Eh? Ah, non grazas. Eu decíalle moi boas ...polas tardes

Paciente 1 Non e polas mañás tamén están moi ricas, eu comoas a calquera hora.

Paciente 2 Que non señora, que eu quería dicir: “moi boas ...tardes”.

Paciente 1 ¡Aaaah! Eu pensaba que quería dicir “moi boas...pipas”.
E...¿Qué lle pasa a vostede?

Paciente 2 Que teño moitas dores.

Paciente 1 ¡Que pena!... tan nova e con dores, ¿ten vostede fillos?

Paciente 2 Non señora , son solteira.

Paciente 1 Ah, pois mire, tan ricamente. Así, se morre vostede, ninguén vaina botar de menos. Que non quero eu decir que vaia a morrer, enténdame.... ¿ten vostede noivo?

Paciente 2 Non señora

Paciente 1 Ui, pois non é vostede tan fea.... Bo, un pouco si..... Bo moito para que a vou a enganar. Pero non se preocupe vostede, como dicía miña nai, que en paz descanse...., coa guapura non se come. Claro, que, como dicía meu pai co feo quitáselle a unha a gana de comer.

Paciente 1 ¡Aaaaaiiiiiiiii! Que vida nos ten tocado vivir. Xa ve vostede, eu si que teño fillos e ¿para que?, non se lembran de unha para nada... desexando que eu morra para coller a herdanza..
Pero hanse fastidiar que non lles vou deixar nada. Pois meu home sempre foi moi tonto ¿sabe vostede? Non valiu nunca nada. Aínda vivimos de aluguer. Un pisiño moi pequeno, pero moi limpo. Porque eu sempre fun moi limpa.

Paciente 2 ¡Señora! Cando cheguei tiña moitas dores..., pero agora teño máis.

Paciente1 ¡Filla por Deus!, si que é vostede antipática..... con razón non ten vostede noivo.

Entra o médico

- Médico** Moi boas
- Paciente 1** ¿Pipas ou tardes?
- Médico** ¿Cómo dí?
- Paciente 2** Tardes, señora, tardes
- Paciente 1** E vostede que sabe.... Ao mellor referíase ás pipas. Doutor, ¿Que dicía vostede, pipas ou tardes?
- Médico** ¿E? Perdoe señora, isto é medicina xeral; a consulta de psiquiatría está dúas portas máis abaixo.
- Paciente 1** Carai. ¡Que simpatías teñen na Seguridade Social!
- Paciente 3** ¿Quen é a última?
- Paciente 2** Son eu, Señora
- Paciente 3** Pois entón eu vou diante de vostede
- Paciente 2** Será... detrás
- Paciente 3** ¿Pero non dixo vostede que era a última?
- Paciente 2** Si
- Paciente 3** Pois entón eu vou diante de vostede
- Paciente 2** De iso nada. Vostede vai detrás miña, que chegou a última
- Paciente 3** Pois entón, non diga que é a última, diga vostede que é a penúltima
- Paciente 1** Outra confusión tonta
- Paciente 3** ¡A tonta será vostede!
- Paciente 1** Non señora, si non é a vostede, digo á confusión
- Paciente 3** Ah, cría que me chamara tonta a min
- Paciente 1** ¿E a vostede que lle pasa?
- Paciente 3** ¿E a vostede quearnos lle importa?
- Paciente 1** Pois vaia xenio que ten aquí..... dona Roxelia
- Paciente 3** Eu teño o xenio que me da a gana. Amais, non son tan "cotilla" como

vostede

- Médico** Que pase o primeiro
- Paciente 1** Non hai primeiro
- Médico** ¿Cómo que non hai primeiro?
- Paciente 1** Hai primeira
- Médico** Pois que pase a primeira
- Paciente 1** ¿Ve? Outra confusión tonta
- Médico** ¿Qué lle pasa a vostede?
- Paciente 1** Verá.... E que teño aquí unha dor que se me pon e se me quita, se me pon e se me quita....
- Médico** ¿Non terá tragado un intermitente?
- Paciente 1** ¡Nooooon:.....! Amáis, cando vou ao vater, ao apretar dóeme moito máis
- Médico** ¡Uff! Mal asunto, entón iso vai ser un *quiste boletas*
- Paciente 1** ¿E que é un quiste boletas?
- Médico** Que doe máis cando apretas
- Paciente 1** ¿E iso é grave?
- Médico** Non, iso non é nada. Iso tivoo miña curmá. Parecía que ía morrer.....e despois durou dous *longos* anos
- Paciente 1** Buff, pois menos mal, eu xa pensaba que podería ser algo grave ¿Que teño que facer?
- Médico** Hai que operar. Voulle dar cita para o día 20 de xuño
- Paciente 1** ¿Pero iso é para dentro de seis meses? ¿E si xa morrín para enton?
- Médico** ¡Ah! Daquela non veña
- Paciente 1** Ah, Doutor ¿e non me recoñece?
- Médico** Pois agora mesmo non caio
- Paciente 1** Non si o digo porque non me mirou vostede

Médico Non, se estou mirandoa....pero non caio

Paciente 1 Que non, que non me mirou vostede o corpo cos aparatos seus

Médico Non fai falla, polos síntomas xa sei o que ten

Paciente 1 Que home tan listo. Pero..... si me doe moito ¿que fago?

Médico Pois non aprete

Paciente 1 Pero se non apreto.....noooooon...

Médico Coma cirolas e verá que non fai falla apretar

Paciente 1 ¿E sen non hai cirolas?

Médico ¡Pois Kiwis! E marche vostede de paseo

Paciente 1 ¡Por Deus! Que malos modos teñen aquí na Seguridade Social

Paciente 1 *Entra o representante*
¿É vostede viaxante?

Representante Si, son o representante de "Laboratorios Rodolfo" ¡que curan a un morto!

Paciente 1 Pois se morro xa o chamarei

Representante ¿Podo pasar Doutor?

Paciente 3 ¿Que se pode que?

Representante Pasar a ver ao Doutor

Paciente 3 Claro que pode ...pero cando lle toque.... ¡já cola!

Médico Pase, pase vostede

Representante Grazas doutor. Só será un momento

Paciente 3 ¡Hala! A colarse. ¿E vostede diga algo?

Paciente 2 Algo

Médico A ver ¿Qué trae vostede?

Representante Pois mire. Aquí lle traio os produtos máis avanzados da medicina moderna. *Fosfotín* fosforescente. ¡o mellor para a mente! *Biodramós*....¡o mellor para a tos! *Rinomichina*.... ¡o mellor para as anxinas! Se quere lle deixo o catálogo

Médico Non, non me interesa ¿algunha cousa máis?

Representante Asegúrelle que é o último. Amais, Laboratorios Rodolfo, ofrécelle un quince por cento do valor dos productos que receita

Médico Bo, sendo así... Deixeme o catálogo

Representante Aquí ten vostede e moitas grazas

Representante Teñan señoras, teñan unhas pastillas Rivoca, o mellor para o mal sabor de boca

Médico Que pase o seguinte

Médico ¿Qué lle pasa a vostede?

Paciente 2 Que teño moitas dores

Médico ¿Onde lle doe?

Paciente 2 Pois na casa, no traballo, aquí... en todas partes.

Médico ¿En que parte do corpo?

Paciente 2 Na cabeza, na tripa, nas pernas....

Médico A cabeza ¿doelle toda ou so unha parte?

Paciente 2 Toda

Médico Enton coerálle moito ¿non?

Paciente 2 Si, moito

Médico *Auscultando*
Diga 22

Paciente 2 22

Médico A ver unha vez máis

Paciente 2 23

Médico Outra vez

Paciente 2 24

Médico Outra

Paciente 2 25

Médico ¿Está vostede vacilándome?

Paciente 2 Eu non. E ¿vostede está recoñecendome ou examinándome de matemáticas?

Médico ¿E vostede imbécil?

Paciente 2 Non, son cociñeira

Médico Pois cociñeira imbécil

Paciente 2 Non, cociñeira axudante

Médico A ver saque a lingua

Paciente 2 *Abriendo a boca*
Aaaag..... ¿quen comeu o polo?

Médico ¿Que polo?

Paciente 2 O do pao

Médico ¿Que pao?

Paciente 2 O do polo. Verá vostede e que si me metera o pao co polo non me importaría. Pero tomar o pao sin o polo dame un pouco de noxo, sabe Deus quen comíu o polo.

Médico Pero que pao nin que polo. Abra vostede a boca

Médico Ten o estómago un pouco sucio

Paciente 2 E os pés ¿non lle digo nada?

Médico Pois hai que lavarse máis a miúdo

Paciente 2 É que me esquece

Médico ¿Usa vostede lentes?

Paciente 2 Si

Médico ¿E por que nonos leva?

Paciente 2 Porque agora non fai sol

Médico ¿E iso que ten que ver?

Paciente 2 Queos lentes que uso son lentes de sol

Médico ¡Que non muller! Quero dicir que se usa vostede lentes de ver

Paciente 2 Home, se lle parece, vou usar lentes de oír

Médico Deixeo... ¿deuse vostede algún golpe?

Paciente 2 Siiii...moitos

Médico ¿onde?

Paciente 2 Na cociña

Médico ¿En que parte do corpo?

Paciente 2 Na cabeza, na tripa, nas pernas....

Médico Teña, vaise dar vostede esta pomada

Paciente 2 ¿en que parte do corpo?

Médico ¡pois onde lle doa!

Paciente 2 ¡E se non me doe?

Médico Deasella cando lle doa . o mellor dito déasella vostede cando lle saia do tubo da pomada. ¡Fora!

Médico O seguinte

Entra *o paciente 3*

Médico E a vostede ¿Qué lle pasa?

Paciente 3 Que cando chove pícame. moito as pernas

Médico ¿E cando non chove?

Paciente 3 Cando non chove tamén

Médico ¿Entón lle pican sempre?

Paciente 3 Non

Médico ¿Entón cando?

Paciente 3 Cando chove

Médico ¿Quere vostede volverme tolo?

Paciente 3 Non

Médico A ver ¿cando non lle picá?

Paciente 3 Cando me rabuño

Médico ¿E cando se rabuña?

Paciente Cando me proe

Médico O sexa que lle pica sempre

Paciente 3 Non

Médico Pois tome vostede estas pastillas

Paciente 3 ¿Só as tomo cando chova?

Médico E cando non chova tamén

Paciente 3 ¡a!..... Estes médicos da Seguridade Social.....